



Construción e Automoción inician unha campaña de mobilizacións polo emprego.

Páx. 4 e 5

8 de Marzo, Día da Muller Traballadora: Por un novo modelo socioeconómico, xusto e solidario.

Páx. 7

10 de Marzo, Día da Clase Obreira Galega: A CIG reivindica o mantemento dos postos de traballo e as prestacións sociais.

Páx. 8



**A crise do sistema
instálase na Galiza**

**Máis de 200.000
persoas en paro
en todo o País**

Negociación colectiva 2009. Páx. 3

Galiza supera xa os 200.000 parados e paradas

Os últimos datos do paro rexistrado evidencian as graves consecuencias que a crise está tendo en Galiza e a urxente necesidade de achegar medidas destinadas á frear a destrución do emprego. Neste momento, no noso país xa superamos os 200.000 parados/as, o que supón un incremento do 6,1% de desempregados/as con respecto a decembro de 2008, aos que lle hai que engadir aquelas persoas que realizan cursos ou están en tramitación, que elevarían a cifra até os 250.000 desempregados/as.

Os maiores índices de destrución de postos de traballo rexistráronse no sector da construción, e a pesar de que durante os últimos meses viña mantendo un incremento inferior á media estatal, a porcentaxe de desemprego neste sector medrou un 6,58% en xaneiro, fronte ao 2,9% da media do Estado. Tamén se agarda que o sector industrial comece a rexistrar índices de desemprego alarmantes nos vindeiros meses, ao igual que aconteceu coa construción, especialmente polo retroceso que sofre o sector da automoción.

Estes datos confirman os temores da CIG de que os efectos da crise van ser devastadores tamén en Galiza, aínda que cheguen con certo atraso, desmentido así a postura de negación que se mantén dende a administración galega ao asegurar que Galiza conta cunha “blindaxe especial” fronte a crise.

As decisións que se adopten nestes momentos marcarán o futuro do país durante as vindeiras décadas. É imprescindible continuar coa loita que dende a CIG se vén desenvolvendo dende hai anos, co obxectivo de frear a ofensiva do capitalismo e o recorte progresivo dos dereitos dos traballadores e traballadoras. Por iso dende a CIG reiteramos: a crise que a pague o capital!



Suso Seixo, secretario xeral da CIG

«A CIG aposta pola folga xeral se non se ofrecen alternativas para a clase traballadora»

Que medidas reclama a CIG como máis urxentes contra os efectos da crise económica?

As medidas que se están adoptando tanto polo goberno do Estado como na Xunta son conxunturais, incapaces de paliar as graves consecuencias que está xerando a perda de emprego. No seu momento, xa manifestamos que nos parece que as medidas son insuficientes. Entramos nunha situación de recesión económica que pode levarnos a un estado de depresión que podería durar varios anos, pero independentemente deste feito, o problema é como saímos dela. Temos que pelexar por saír da crise nas mellores condicións posibles en canto á estabilidade no emprego e mellora das condicións de vida e de traballo, e isto implicaría tamén cambios de modelo produtivo, de consumo, etc.

Habería que adoptar medidas de carácter estrutural que non se están tomando. Existe a necesidade de meter recursos públicos para incrementar as coberturas en materia de prestación por desemprego, punto no que aínda non se anunciou ningunha medida de carácter especial; parécenos que é importante apostar polos investimentos públicos de carácter produtivo e en gasto social.

Teremos que dedicarlle especial atención e apoio a aqueles sectores produtivos básicos na nosa economía e nos que temos moitas potencialidades á hora de sermos competitivos e xerarmos postos de traballo. As axudas que se están dando á banca non repercuten na economía produtiva nin chegan ás familias, senón que, entre outras cousas, están empregando os cartos públicos para pagar as súas propias débedas. De aí a defensa que nós facemos dun banco público galego que canalice todos estes recursos.

Nesta conxuntura, avalíase a posibilidade de convocar unha folga xeral? Contaríase con outras organizacións sindicais?

Unha convocatoria da magnitude dunha folga xeral loxicamente, en principio, temos que compartila coas outras organizacións sindicais, para garantir os maiores apoios posibles. Convocar a CIG en solitario tería a dificultade engadida de que as outras organizacións ían xogar á contra. Se continúa a perda de emprego, se dende os gobernos e as empresas non se ofrecen alternativas, entón non descartamos convocar unha folga xeral e pediremos a participación dos demais sindicatos.

Pero tanto CCOO como UGT xa teñen manifestado que este non é o momento dunha folga xeral.

Para eles raramente é o momento. Unha folga xeral hai que preparala con tempo e hai que contar con que ten que existir unha situación importante de deterioración das condicións laborais, de perda de emprego, ademais dun gran traballo de concienciación nas empresas. Teñen que darse unhas condicións obxectivas, pero tamén subxectivas; hai que facer ver á xente que a folga sería unha ferramenta eficaz para loitar contra a crise, e isto leva tempo.

A actitude que demostraron até o de agora CCOO e UGT é, non só de oporse á folga xeral, senón de total e absoluta pasividade en todo o que ten que ver coa crise económica. Con esa actitude é lóxico que vexan como algo fóra de lugar calquera proposta que se faga dunha folga xeral.

Pero semella que as circunstancias, por desgraza, si que nos situarán na obriga de dar un salto cualitativo importante nas dinámicas de loita que se están seguindo e é fácil que rematemos nunha convocatoria de folga xeral.

Negociación colectiva 2009: a resposta do sindicalismo galego

Máis de 1.200 delegados e delegadas da CIG participaron nunha asemblea a primeiros de febreiro na que se deron a coñecer as liñas de actuación da central de cara á negociación colectiva 2009. A actual situación de crise económica é a coartada utilizada pola patronal para avanzar no recorte dos dereitos dos e das traballadores e traballadoras, afondar no abaratamento dos salarios, incrementar a capacidade para flexibilizar as xornadas de traballo e a súa prolongación sen retribuír, así como a precarización, estendida mesmo a sectores hoxe protexidos. Estes van ser os principais temas onde a CIG ten que presentar batalla cunha resposta organizada colectiva e socialmente, afastada do sindicalismo vertical practicado por CCOO e UGT, que teñen desenvolvido un modelo sindical atrapado e involucrado na xestión do sistema.

Incremento salarial

A clase traballadora non pode pagar co seu salario a crise económica. A CIG vai reclamar unha negociación que garanta o mantemento do poder adquisitivo dos salarios no país. No ano 2009 a negociación dos salarios estará completamente marcada e condicionada pola crise, de tal maneira que o propio Pacto de contención salarial que veñen asinando dende hai sete anos o sindicalismo español e a patronal, presenta características diferentes. A patronal recla-

mara incrementos inferiores ao 2%, xustificando polo resultado do IPC oficial de final de ano (1,4%), ademais da posibilidade de activar simultaneamente a cláusula de descolgamento.

Dende a CIG entendemos que será máis xusto e recollerá con maior precisión o cálculo necesario de incremento se consideramos o IPC de todos os meses do ano 2008 e tomamos o dato medio. Neste caso o resultado é do 4,1%, polo que a demanda de suba e asinamento de acordo tendo en conta a conxuntura económica non debe ser inferior ao 4,5%.

A xornada de traballo

A renegociación ou retroceso nas condicións da xornada de traballo non pode ser un asunto menor. Con seguridade, a patronal atacará a xornada de traballo buscando un consenso coa escusa da deslocalización e o reclamo da competitividade. Hai que ter en conta que a ampliación e a flexibilidade da xornada teñen consecuencias directas sobre a amortización de empregos e implica a destrución de postos de traballo. Na negociación dos convenios de sector tamén hai que ter en conta que existe un exceso de xornada non retribuída polas empresas.

A precariedade

Diante do previsíbel aumento da precariedade no traballo, a CIG aposta por asegurar que as empresas cumpran os acordos pactados na porcentaxe de fixos. O control tanto da contratación por medios das ETTs regulada nos Convenios como o tra-

ballo en negro serán unha parte importante do traballo sindical durante o 2009.

Políticas de igualdade

A intervención da representación dos traballadores e traballadoras será fundamental para desenvolver no marco da negociación colectiva as medidas relacionadas co xénero e a igualdade efectiva recollidas na lexislación actual. A CIG ten que incluír polo tanto entre os seus obxectivos prioritarios a negociación de medidas dirixidas a promover a igualdade de oportunidades. Neste senso, o documento de negociación colectiva para o 2009 recolle unha extensa e pormenorizada serie de medidas ou áreas de actuación en materia de igualdade para incluír na negociación dos convenios.

Saúde Laboral

Os avances nesta materia durante os dous últimos anos foron pouco significativos. Para o 2009 existen varios elementos que deben ser incluídos en calquera negociación: a formación en prevención, a vixilancia da saúde, a avaliación de riscos, a calidade dos equipos de protección individual, e a renovación dos contratos das Mutuas ou Servizos de Prevención.

Por outra banda, hai que destacar que o Gabinete Técnico de Saúde Laboral da CIG vén de presentar a súa nova páxina web (www.cigsaudelaboral.com), onde os delegados e delegadas poderán atopar toda a información relativa a este ámbito, tanto a documentación elaborada pola central, como en materia lexislativa.



A CIG-Construcción denuncia o incumprimento da lexislación laboral nas obras do AVE con accións nas catro provincias galegas

A CIG-Construcción realizou o mércores 11 de febreiro unha xornada de accións simultáneas nas catro provincias galegas, sinalando o incumprimento “sistemático” da lexislación laboral en todo o que ten a ver coas xornadas, salarios e medidas de seguridade, entre outras cuestións. Así, en Lugo, Ourense e A Coruña delegados e traballadores do sector entraban nas obras da maior infraestrutura pública que se está a facer no noso país, o AVE, para criticar que nin tan sequera a propia Administración central faga cumprir o convenio. Na provincia de Pontevedra, no tramo de Redondela, máis de 120 delegados, traballadores do sector en desemprego e representantes sindicais foron acordados por dotacións de Policía antidisturbios, que non lle permitiron achegarse nin ás portas destas obras ao seu paso por Redondela, pola presenza da Vicepresidenta do Goberno español, María Teresa Fernández de la Vega.

O secretario nacional da CIG-Construcción, Xosé Xoán Melón, explicou que tanto as xornadas como os salarios fixados no convenio se están a vulnerar de «forma sistemática». Melón salientou que mentres a xornada ordinaria que establece o convenio é de oito horas, moitos destes traballadores nas obras do AVE fan quendas de dez e doce.

«A Administración é a primeira que debería estar interesada en que se cumprisen as condicións acordadas, primeiro porque o exceso de horas se paga en negro e son cartos que non entran a cotizar, e segundo, porque moitas das obras nas que se produce esta situación son públicas», subliñou o secretario nacional da Federación da Construcción da CIG.

Sobre a cuestión salarial, Melón anotou que «as empresas pactan salarios moi por debaixo do acordado e pagan por hora, malia a que o convenio establece que hai

que pagar por día ou por mes».

Campaña en marcha e con continuidade

Melón adiantaba que «esta campaña que iniciamos pola defensa do cumprimento do convenio, para que se reparta o traballo que hai no sector e rematar coas xornadas abusivas e a vulneración dos nosos convenios, non remata aquí, senón que vai ser unha campaña permanente coa que continuaremos, e imos continuar até que a máis de un se lle poña a cara vermella e se modifique a actual situación de desprotección do sector».

Alberte Fernández, secretario comarcal da CIG-Construcción na comarca de Vigo, enumerou algúns dos incumprimentos que se están a realizar «en prevención de riscos laborais, axústanse xornais por horas, hai un exceso escandaloso de ho-

ras extras nun momento no que escasea o traballo, así como os alarmantes niveis de subcontratación e precariedade que continúa a ter este sector».

O responsábel comarcal de construción, Vitorino Ares, avaliou positivamente a concentración, xa que nela participaron delegados sindicais que representan ás distintas empresas que operan no sector. Antón Niño, responsábel da CIG-Construcción de Lugo, destacou que só nesta provincia hai rexistrados máis de 3.000 desempregados do sector, aumentando no último ano o paro na construción nun 47,8%.

Xan Losada, secretario da CIG-Construcción en Ourense, subliñou que «neste punto das obras do AVE en Ourense, na zona de Pol, se traballan doce horas, festivos, fins de semana, días de convenio, e até temos rexistrado denuncias de traballadores que chegaron a facer 18 horas neste tramo».



«É necesario mobilizarse na defensa do sector»

Perdéronse uns 4.000 empregos no automóbil desde o pasado mes de outubro

A crise económica, que foi gañando forza segundo pasaban os meses, deixou na Galiza 201.316 desempregados, segundo datos do mes de febreiro, e que é a cifra máis alta en once anos. Este grande incremento no desemprego, que se iniciou coa crise da construción, amosa agora a súa faciana industrial, nomeadamente pola crise da automoción na comarca de Vigo, que tivo o maior incremento anual de desemprego neste sector, cun 39% de suba en doce meses.

Entre as áreas de Pontevedra e Vigo, un total de 328 empresas presentaron expedientes de regulación de emprego, que afectan a 7.426 traballadores e traballadoras. A esta situación hai que engadirlle o peche de tres importantes factorías deste sector como son Valeo, Draka Cables e Prevent, que deixaron na rúa a uns 400 empregados e empregadas.

En novembro do 2008 as Federacións do Metal, de Químicas e da FGAMT da CIG convocaba na cidade de Vigo a primeira mobilización para denunciar o que estaba a acontecer no sector do automóbil e pola defensa dos postos de emprego neste sector. Máis de 2.000 persoas berraban contra os ERE's que comezaban a ser a única e exclusiva solución que aportaban as direccións das empresas auxiliares deste sector, e daba así comezo unha campaña de mobilización da central sindical nacionalista neste sector.

En xaneiro convocouse unha asemblea de afiliados e afiliadas deste sector na que xa se analizaba que hai «unha reconversión encuberta» do sector do automóbil e os traballadores e traballadoras das distintas factorías da automoción, presentes nesta asemblea, mostraron a súa preocupación pola situación actual do sector, «coa presentación de ERE's, os despedimentos dos eventuais e un futuro moi cambiante e incerto para o sector».

A necesidade de mobilizarse e de «sensibilizar ao conxunto da sociedade» foron outras das cuestións que se abordaron nesta asemblea, polo que se incidiu na convoca-

toria de accións e mobilizacións para os seguintes meses, e que xa están en camiño.

Acción sindical conxunta

Máis de 40.000 persoas poderían verse afectadas pola crise no noso país, xa que este sector arrastra a auxiliares, empresas do sector do téxtil, de químicas, transporte e servizos, polo que tamén se subliña desde a CIG «a necesidade da participación de todos estes sectores na acción sindical conxunta».

Así, os patróns da automoción levan meses falando de que é preciso «mellorar a competitividade», para non diminuír os seus beneficios millonarios, e anuncian a necesidade de medidas urxentes: expedientes de regulación de emprego, despedimento de eventuais e conxelación

de salarios como única posibilidade para garantir a viabilidade das empresas, sempre baixo a ameaza da deslocalización e desvío da produción a outras factorías. Contra esta situación, a CIG, e as federacións máis directamente afectadas por esta crise (Metal, Químicas, FGAMT e Servizos) chaman á mobilización porque «a situación que se está a vivir é o suficientemente grave como para que o automóbil comece a tomar esta conciencia, porque non van valer solucións individuais, porque a solución terá que ser global e teremos que loitar pola defensa de este sector».



Breves

Comezan as mobilizacións das traballadoras contra a parálise do Convenio Estatal de Produtos Elaborados do Mar

Preto de 250 delegadas e delegados do sector de Elaborados do Produtos do Mar, xunto a representantes sindicais, concentráronse diante da sede da patronal galega deste sector, Conxemar, na Praza de Compostela, o pasado 2 de febreiro. Esta é a primeira das mobilizacións convocadas para que remate a situación de bloqueo da negociación colectiva, xa que estas traballadoras teñen un convenio de eficacia limitada, cunha vixencia que rematou xa o 31 de decembro de 2007. Este sector conta cunhas condicións laborais precarias, con salarios que non chegan aos 800 euros e moita inestabilidade no emprego. A FGAMT demanda que sexa un convenio de ámbito galego a norma laboral pola que se rexa este persoal.

As traballadoras de Valeo chegan a un acordo, no que conseguen altas indemnizacións, despois de 4 anos de loita

As traballadoras da antiga Valeo, e actual Cableados Auto, acadaron un acordo, ratificado pola asemblea desta factoría, que incluíu a presentación dun expediente de regulación de emprego de extinción do 31 de xaneiro para as 92 operarias e operarios desta empresa do polígono do Porriño, que cesou definitivamente a súa actividade. Este acordo inclúe indemnizacións superiores aos 45 días por ano, así como a recolocación preferentes para estas empregadas da automoción. A avaliación que se realiza «é positiva», xa que «pelexamos até o último momento polo que nos corresponde».

A CIG do Concello da Coruña presenta unha campaña destinada a detectar e previr situacións de acoso laboral

A sección sindical da CIG no Concello da Coruña presentou unha campaña destinada a informar sobre os feitos que poden ser considerados acoso laboral, axudar a identificar estas situacións, e concienciar da importancia de denunciar estes casos.

Mobilizacións contra Carrefour en Lugo para reclamar a readmisión dunha traballadora despedida

Traballadoras e traballadores dun Carrefour en Lugo iniciaron un calendario de mobilizacións para reclamar a readmisión dunha empregada despedida pola multinacional, para evitar así que participase nas últimas eleccións sindicais.

Seguimento do 100% durante as xornadas de folga en Celsa Atlantic

O 100% do persoal de Celsa Atlantic secundou a folga de 4 días para reclamar mellores nas condicións laborais e nas medidas de seguridade na fábrica da Laracha.

A Xustiza declara improcedentes os traslados de persoal de Atento-A Coruña a León

A Xustiza declarou improcedente o traslado de 27 traballadores/as, entre os que estaban un delegado e unha delegada da CIG, que a empresa de telemarketing Atento, do Grupo Telefónica, tiña previsto levar a cabo dende a Plataforma da Coruña cara a León.

CIG-Saúde denuncia que non se está a aplicar o réxime estatutario ao persoal do Centro de Transfusión

A CIG-Saúde denunciou que ao persoal do CTG se lle continúa a aplicar un convenio colectivo a pesar de ser xa persoal estatutario. Están obrigados a realizar corre-quendas por todo o país e mesmo os cadros de persoal se avisan verbalmente no propio día.

A CIG-Ensino e a AS-PG presentan unha Unidade didáctica e un DVD sobre a recente historia do ensino no noso país

Cúmpranse 30 anos do conflito acontecido durante o curso 1979-80, no Colexio Público do Foxo, na Estrada, que provocou que se celebre no dito Concello unha das primeiras grandes manifestacións multitudinarias a favor da galeguización do ensino e en contra da represión a un mestre por dar aulas na nosa lingua. Con este motivo editouse a Unidade Didáctica e mais o DVD «A derradeira lección do mestre» que repasa brevemente a historia do ensino

estrádense, inserida dentro da situación do ensino galego e da historia do país en xeral, durante un período de 50 anos.

Reclaman liberdade sindical na louseira de Valdeorras Ipisa

No pasado verán os traballadores/as da lousa de Ipisa comezaron unha serie de mobilizacións para denunciar que se estaba a incumplir a lexislación en materia de saúde laboral e o impago de salarios. Desde entón a empresa exerceu represión sindical contra os membros do Comité de Empresa e os traballadores/as, que non cesan nas súas denuncias.

Folgas e manifestación polo mantemento dos postos de traballo na Vidreira do Atlántico, na Limia

Con o lema: «A Limia ten futuro! Nin un paso atrás! Polo mantemento dos postos de traballo na Vidreira do Atlántico!», o Comité de Folga da empresa convocou unha manifestación o 27 de febreiro, despois de catro xornadas de folga. Reclámase unha solución inmediata ao conflito colectivo que existe na empresa dende finais de 2008 e que se ve agravado nos últimos tempos pola postura intransixente da dirección, que se nega a aceptar calquera das propostas presentadas polo Comité a respecto do plus de actividade, modificacións das categorías ou melloras das medidas de prevencións e riscos laborais.

Adiase o xuízo contra o secretario comarcal de Ferrol, Xesús López Pintos, no que se lle pedían cinco anos e tres meses de cadea

O xuízo contra o secretario da CIG en Ferrolterra, Xesús Anxo López Pintos, celebrado o 12 de febreiro en Ferrol, foi adiado até que o Xuízo do Penal analise se remite o caso á Audiencia Provincial. 120 delegadas e delegados da comarca amosaron a súa solidariedade con López Pintos, que se enfronta á petición de condena de cinco anos e tres meses de prisión, 20 fins de semana de arresto e unha multa de 30 euros ao día durante 3 meses, polos sucesos producidos na Confraría de Mugaridos en setembro de 2001, nunha brutal carga policial. Nesta sesión non compareceu o avogado da Xunta, polo que a petición que solicitaba a Administración pode quedar sen efecto.

8 de marzo: Día da Muller Traballadora

A situación no mercado de traballo das mulleres en xeral, e das que teñen responsabilidades familiares en particular, segue a estar condicionada polo rol de cuidadora principal que o modelo social asigna ás mulleres, e que é reproducido pola patronal, percibindo á muller, a pesar do recoñecemento da súa crecente presenza no emprego e a súa mellor formación, como xeradora de problemas de custo económico e organización empresarial. As mulleres temos que optar moitas veces polo traballo a tempo parcial xa que é a única opción compatíbel co coidado do fogar e da familia.



**María Carme López
Santamariña**

**Secretaria
Confederal de
Muller e Servizos
Sociais**

Nós, como mulleres traballadoras, sabemos que esta forma de organización do traballo non é máis que unha estratexia empresarial para xustificar a flexibilidade laboral que acaba escondendo o traballo dos coidados invisibilizados (e non remunerados) e acaba por xustificar políticas neoliberais de recortes de prestacións sociais que atendan as carencias materiais da conciliación.

Se a situación era en si mesma grave, polo empeoramento das condicións laborais, neste momento de profunda crise do sistema económico neoliberal, onde a realidade económica e social actual está tendo e terá como resultado unha situación xa non grave, senón crítica e agonizante para as mulleres. Por un lado a redución drástica que se producirá dos postos de traballo ocupados por mulleres e por outra a necesidade de pluriempregarse ou de facer xornadas de moitas horas, xa que o salario que gaña a muller vai supor unha forma de afrontar o grave endebedamento familiar, pois son cada vez máis as situacións nas que chega a ser a muller a única na familia con ingresos.

En Galiza dos 129.000 parados/as contabilizados/as o peche do ano 2008, 65.700 eran mulleres e 63.300 eran homes, de forma que a taxa de desemprego ascendeu entre as mulleres o 10,91%, mentres que o desemprego masculino chegou ao 9,74%.

Facendo un pequeno repaso do que su-

puxo para a CIG no ano 2008, a presenza de mulleres en acción sindical directa, en primeira liña de loita, en conflitos de negociacións colectivas, en loitas de modificacións de condicións de traballo, en conflitos de peches de fábricas, despedimentos improcedentes..., son moitas as mulleres da central sindical as que organizaron e lideraron estes.

Como cada 8 de marzo, Día Internacional da Muller Traballadora, as reivindicacións das mulleres no sindicalismo nacionalista da Galiza seguen a ser, despois de moitos anos de loitas, as mesmas que as que hoxe en día están de actualidade: garantir o dereito a decidir sobre o noso corpo, loitar contra a discriminación salarial, o acoso laboral, o acoso sexual, a precariedade laboral, a economía somerxida; mudar as condicións sociais, económicas e laborais das traballadoras do fogar; empregar unha linguaxe non sexista; garantir o dereito das mulleres a vivir sen violencia... e, en

definitiva, garantir o dereito das mulleres galegas a participar na sociedade en condicións de igualdade.

Dende a Confederación Intersindical Galega pretendemos que este non sexa o resultado dunha loita particular ou individual, senón colectiva e compartida entre mulleres e homes en igualdade de condicións, sen exclusividade en ningún dos ámbitos. Una sociedade responsábel coa necesidade dos seus membros en todos os momentos da súa existencia e que involucre na dita responsabilidade ás institucións públicas e privadas, empresas incluídas. En definitiva todas e todos traballamos para darlle a volta o sistema.



*Traballadora galega:
participa e loita*

*Por un modelo socioeconómico novo,
xusto e solidario. Por unha
verdadeira transformación social*

Con motivo desta conmemoración, a Secretaría da Muller organiza, o 6 de marzo, o acto nacional de entrega do Premio 8 de MARZO, dirixido a recoñecer o labor de mulleres ou colectivos de mulleres traballadoras en defensa dos seus dereitos.



10 de Marzo Día da Clase Obreira Galega



Como cada 10 de marzo, a CIG vai desenvolver diversos actos para conmemorar o Día da Clase Obreira Galega, que este ano terá unha especial relevancia pola crecente deterioración das condicións da clase traballadora. Neste 2009 marcado pola crise económica, a central chama á mobilización baixo o lema “En defensa do emprego e as prestacións sociais”, dúas reivindicacións que se perfilan como básicas diante da situación imparábel de destrución de emprego que rexistra Galiza e ante a falla de medidas por parte dos gobernos para garantir as prestacións sociais.

Na maioría das cidades está previsto realizar asembleas de delegados e delegadas, que irán seguidas de concentracións diante das oficinas das principais entidades bancarias, así como manifestacións até a Delegación e as Subdelegacións do Goberno. A maioría dos actos desenvolveranse pola mañá, agás na comarca de Vigo, onde se acordou realizar as mobilizacións durante a tarde do 10 de marzo.

Ademais, o día 11 de marzo, celebrarase a III edición dos Premios do Día da Clase Obreira Galega, nun acto que terá lugar en Compostela, e a través do que se recoñece o labor na loita sindical dos traballadores e traballadoras.

O nacemento do movemento obreiro galego

O Día da Clase Obreira Galega quérese conmemorar a loita pola liberdade e polos dereitos laborais e lembrar unha data na que dous traballadores, Daniel Niebla e Amador Rei, foron asasinados pola Ditadura franquista polo simple feito de loitaren, xunto cos seus compañeiros, pola súa dignidade. O detonante daqueles feitos foi a negocia-

ción do convenio colectivo da Bazán. Os traballadores do estaleiro reclamaban a súa negociación en Galiza, pero o 7 de marzo recibían o comunicado de que fora asinado en Madrid. Isto provocou a súa mobilización e o paro da factoría, o día 9 de marzo, na súa totalidade.

Como resposta, a empresa anuncia a suspensión de emprego e soldo e a prohibición, a varios representantes sindicais, de entrar nas instalacións da empresa pública. Ante isto, os traballadores acordan ocupar as instalacións, pero o réxime non tarda en reaccionar. Ante a mobilización envía ao estaleiro ás forzas policiais, que cargan contra os traballadores deixando como resultado numerosos feridos por golpes e esmagamentos.

A primeira hora da mañá do día seguinte, xa 10 de marzo, os traballadores concéntranse diante das portas do estaleiro, que permanece pechado e acordan percorrer a cidade, explicar o que está a acontecer e demandar a solidariedade doutras fábricas.

Arredor de 4.000 obreiros parten cara á ponte das Pías. Ao chegaren ao cruzamento coa estrada de Castela a Policía armada ordena que se deteñan, prodúcese un enfrontamento e dous traballadores, Amador e Daniel, son asasinados e máis de corenta, resultan feridos.

O soterramento dos asasinados convértese nunha masiva manifestación de solidariedade que se estende non só por Ferrol, senón tamén por toda Galiza. Prodúcese paros en Barreras, Vulcano, Citroën, Freire, Reyman, Santo Domingo, Censa, Yarza, Refrey e Ascón. Convócase unha folga xeral en Galiza e unha gran manifestación, o día 15 de marzo, en Vigo.

As mobilizacións xeneralízanse en Ferrol e prológanse até o día 20 e a cidade chega a quedar incomunicada por tren, por estrada e teléfono. Ese día, ábreanse as portas do estaleiro e os traballadores reincorpóranse aos seus postos de traballo baixo o control da policía armada, que vivía o acceso ao estaleiro.

